

VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN
"Copa Galega de Andainas de 50km da Federación Galega de Montañismo"
Sábado 15 de Maio de 2021 a partir das 7:30h.

CLÁUSULAS COVID-19

A crise sanitaria da COVID-19 fai necesaria a adopción de unha serie de medidas tendente a cumprir os protocolos marcados polas autoridades sanitarias. O establecemento e cumprimento das citadas medidas require unha serie de compromisos e formas de actuación por parte, fundamentalmente, de organizadores, voluntarios e participantes. A lectura e aceptación do presente documento é condición indispensable para tomar parte da VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN. A persoa participante declara e manifesta:

1.- Que é coñecedora das medidas particulares a aplicar na VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN, con ocasión da crise sanitaria da COVID-19.

2.- Que se compromete a cumprir todas as esixencias ou simples recomendacións que se conteñan en dita guía, así como as instrucións que sexan dadas polas autoridades deportivas ou persoa de organización presente na competición en relación coas medidas para evitar contaxios pola COVID-19.

3.- Que se compromete a non acudir nin tomar parte do evento no caso de que padecese síntomas compatibles coa COVID-19. Isto resultara extensivo, igualmente, aos casos nos que os síntomas foran sufridos por terceiros coas que a persoa participante teña ou tivera contacto do que obxectivamente puidera derivarse un contaxio.

4.- Que, no caso de que estivera ou estea contaxiado polo virus da COVID-19, comprométese a non acudir nin tomar parte na proba en tanto en canto as autoridades sanitarias non manifesten que a súa participación non ten risco, ben para a súa persoa, ben para o resto de asistentes cos que puidera ter contacto.

5.- Que é coñecedora, acepta e asume que, no actual estado, existe un obxectivo risco de contaxio de COVID-19 coas consecuencias que se puideran derivar para a súa persoa en termos de saúde.

6.- Que acepta que a organización da VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN adopte as medidas que se indican no anexo PROTOCOLO COVID-19 para establecer un razoable escenario de seguridade.

Neste sentido, faise constar que a organización VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN, no transcurso da competición, poderá adoptar as medidas ou decisións que sexan precisas en relación co establecemento ou aplicación das medidas que se conteñan no seu PROTOCOLO COVID-19, ou calquera outra que tivera como finalidade dotar a proba dun entorno o mais seguro posible en termos de evitar contaxios.

7.- Que acepta que cando se chegasen a adoptar medidas ou decisións por parte da organización da VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN co obxectivo de preservar a saúde das persoas no transcurso da competición, non se poderá considerar incumplidas as obrigas esenciais da organización, polo que non se poderá esixir o pagamento de cantidades, indemnizacións, ou devolucións de prezos ou importes en concepto de inscrición ou dereitos de participación ou costes nos que teña incorrido a persoa deportista ou o seu club.

8.- Que acepta que si se mostrase pola súa parte unha conducta ou comportamento de incumprimento das ordes e instrucións do persoal da organización en relación coas medidas de seguridade para evitar contaxios pola COVID-19, poderá ser excluída do evento por decisión de quen actúe como responsable da área deportiva do evento.

9.- Que a persoa participante declara que, no seu perfecto uso das súas facultades e despois de ler o anexo PROTOCOLO COVID-19 da VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN, considera que o protocolo se axusta as medidas de seguridade deseñadas polas autoridades sanitarias pertinentes e que no caso de contraer a enfermidade descarga de calquera tipo de responsabilidade á organización.

DECLARACION DE SAÚDE

Evento: VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN

Data de sinatura desta declaración:

NOME:

APELIDOS:

DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DECLARA:

1.- Non ter estado en contacto con unha persoa afectada pola COVID-19, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo como mínimo de 14 días.

2.- Non ter ningún síntoma de sospeita de infección por coronavirus: febre, cansazo, somnolencia, síntomas respiratorios (tose, dor de garganta, dificultade respiratoria, afogo), molestias dixestivas, alteracións do gusto ou o olfacto, ou calquera outra alteración de saúde non diagnosticada.

3.- Non estar en situación de risco de acordo coa normativa en vigor.

4.- Que informará inmediatamente á organización de calquera cambio na súa situación de saúde en relación a COVID-19, que poida aparecer durante os días da competición ou con posterioridade á data de sinatura desta Declaración da Saúde.

5.- Segundo establece o Regulamento Xeral de Protección de Datos de carácter persoal (RGPD) e o seu despregue normativo, informámoslle que os datos recollidos mediante este formulario, incorporaranse a un arquivo propiedade do Concello de Brión para ser utilizados coa finalidade de dar cumprimento á normativa establecida para a prevención da COVID-19. Asinando este formulario está vostede autorizando o tratamento dos seus datos persoais coas finalidades expostas. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e oposición, dirixindo un correo electrónico a concello@concellodebrion.org.

Lin, comprendín, e acepto o recollido no presente documento (CLÁUSULAS COVID-19 e DECLARACIÓN DE SAÚDE) e baixo a miña responsabilidade, asino a presente declaración.

Sinatura